

**ADAPTACIÓN PROGRAMACIONES**

**DIDÁCTICAS 2º ESO**

**I.E.S. Nº1**

**A ESTRADA**

**CURSO 2019-20**

# ÍNDICE

Educación Física

Física e Química

Lingua Castelá e Literatura

Lingua estranxeira Francés

Lingua estranxeira Inglés

Lingua Galega e Literatura

Matemáticas

Música

Paisaxe e Sustentabilidade

Relixión

Tecnoloxía

Valores Éticos

Xeografía e Historia

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº1- A ESTRADA  
CURSO: 2º ESO  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA  
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Información e publicidade.**
- 4. Anexo 1: Organización das actividades do 3º trimestre e metodoloxía.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Coñecer os fundamentos teóricos do quentamento xeral.	EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.
B1.2. Coñecer as pautas esenciais dun quentamento xeral correctamente realizado e entender o valor e a necesidade de planificación do quentamento.	EFB1.2.1. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.
	EFB1.2.2. Entende o valor e a necesidade de planificar o quentamento.
B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades <del>físico-deportivas</del> lúdico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.	EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades <del>físico-deportivas</del> lúdico-deportivas axeitadas a súa idade.
	EFB1.3.2. Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades <del>físico-deportivas</del> lúdico-deportivas.
B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades <del>físico-deportivas</del> lúdico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	EFB1.4.2. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.
	EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos <del>sobre temas vixentes no contexto social</del> , relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.

B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.	EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.
B2.3 Realizar danzas populares de Galicia	EFB2.3. Colabora no deseño e a realización de bailes e danzas, <del>adaptando a súa execución á dos seus compañeiros.</del>
B2.4 Recoñecer o valor expresivo do corpo en conxunto e en particular cada segmento corporal.	EFB2.4. . Recoñece o valor expresivo do corpo en conxunto e en particular cada segmento corporal.
B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.
B3.2. Saber que son os estiramientos, a súa función e importancia no adestramento.	EFB3.2. Sabe e recoñece a importancia dos estiramientos.
	EFB3.2.3. Identifica os principais grupos musculares e polo menos, un exercicio para estiralos.
B3.3. Coñecer os tipos de resistencia, os seus obxectivos e os seus beneficios.	EFB3.3.5. Coñece os fundamentos dos tipos de resistencia, os seus obxectivos e os seus beneficios.
	EFB3.3.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.
B3.4. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.	EFB3.4.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.
	EFB3.4.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.
	EFB3.4.3. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.

B3.5 Coñecer as pautas xerais de adestramento persoal da resistencia aeróbica.	EFB3.5.1. Coñece as pautas xerais de adestramento da resistencia aeróbica.
B.3.6. Coñecer e aplicar técnicas básicas de verificación da postura correcta.	EFB3.6.1. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.
B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas	EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados da natación e do balonmán.
	EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas básicas de malabares con pelotas.

<b>2.Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Fichas de execución de exercicios físicos. Páxinas dinámicas de internet. Recollida e información. Gravación de vídeos.
	Instrumentos: Empregaremos a rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <b>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SUPERADOS:</b> Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - 50% nota da 1º avaliación. - 50% nota da 2º avaliación. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.
	<b>ALUMNADO CUN TRIMESTRE SUSPENSO:</b> Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - 60% nota da avaliación aprobada. - 40% nota da avaliación recuperada. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.
	<b>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SEN SUPERAR:</b> Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - 100% nota das avaliacións recuperadas. - 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Valorarase a necesidade de que o alumno/a poida realizar unha proba (exame) en setembro, en función dunha cualificación negativa obtida na materia, tanto na deste curso como na materia pendente de cursos anteriores.



<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<p>Criterios de avaliación: Tarefas e traballos realizado polo alumno/a e valoración dos mesmos. Ou ter superado os dous trimestres do curso presente*.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes: - Nota na cualificación obtida da materia recuperada</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Empregamos a rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos. Media dos dous primeiros trimestres*</p>

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Publicación na aula virtual do centro e correo ao alumnado e ás familias indicando a súa publicación. Comunicados tamén por Abalar.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro e información ás familias na aula virtual

# **ANEXO 1**

## **PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DESTE 3º TRIMESTRE**

(Este anexo é para que queden reflectidas as actividades que se intentarán desenvolver ao longo deste trimestre e metodoloxía)

<b>Contidos</b>	<b>Actividades referidas a aprendizaxes fundamentais</b>	<b>Material entregado ao alumno</b>	<b>Tempo estimado para a realización e entrega</b>	<b>Indicador de logro</b>	<b>Forma de cualificación</b>
O quecemento	Práctica de quecemento. Traballo sobre os exercicios de estiramentos	Enlace vídeo  <a href="https://youtu.be/2kaOu5zNiz0">https://youtu.be/2kaOu5zNiz0</a>	Quincena	Vídeo realizando a actividade  Traballo sobre exercicios de estiramento	Rúbrica traballo.  Kahoot!  Proba
As cualidades físicas	Recoñecer as cualidades físicas. Tipos. Como melloralas	Apuntes do tema (entregados no 1º trimestre) e ficha de preguntas	Quincena	Entrega das respostas correctas no prazo indicado	Kahoot!
Coordinación e ritmo	Coordinación e ritmo	Enlace vídeo  <a href="https://www.youtube.com/watch?v=afmXWrw3Fh0">https://www.youtube.com/watch?v=afmXWrw3Fh0</a>	Quincena	Vídeo realizando a actividade	Rúbrica traballo
Balonmán	Coñecemento básico do regulamento de balonmán.  Principais accións técnicas	Apuntes do tema (relacionados coa práctica do 2º trimestre) e ficha de preguntas	Quincena	Entrega das respostas correctas no prazo indicado	Rúbrica ficha  Kahoot!  Proba con autocorrección
Natación	Coñecemento dos estilos de natación e da súa execución	Apuntes do tema (relacionados coa práctica do 2º trimestre) e ficha de preguntas	Quincena	Entrega das respostas correctas no prazo indicado	Rúbrica ficha  Proba con autocorrección
Malabares	Realizar malabares con 3 pelotas	Recordatorio do feito na clase	Quincena	Vídeo realizando a actividade	Rúbrica traballo
Expresión corporal	Expresión de sentimentos	Ficha en pdf	Quincena	Entrega actividades propostas en prazo	Rúbrica traballo

## Rúbrica para cualificación dos traballos

4.Moi ben; 3. Ben; 2.Regular; 1.Mal; 0.Non entrega/Non aplica

CRITERIOS	4	3	2	1	0
1. O escrito é claro					
2. A presentación das ideas é organizada e coherente					
3. Utiliza unha linguaxe apropiada, con corrección lingüística e gramatical					
4. Utiliza vocabulario preciso, correcto e apropiado					
5. Contén oracións e parágrafos ben construídos que facilitan a lectura e comprensión do escrito					
6. O contido correspóndese co que se pide					
7. O formato do traballo axústase ao solicitado					
8. A presentación do traballo é limpa, ordenada					
9. Deixa espazo entre un apartado e outro					
10. Entrega en prazo					

## Rúbrica para cualificación das fichas

4. Sempre; 3.Case sempre; 2.Ás veces; 1. Moi poucas veces; 0.Nunca

VALORACIÓN	4	3	2	1	0
1. Contido da tarefa					
2. Presentación con claridade e orde					
3. Entrega nos prazos establecidos					
4. Responde a todas as preguntas					
5. Correspondencia da resposta coa pregunta					
6. Responde coas súas propias palabras utilizando unha linguaxe apropiada					
7. Demostra entender o que se pregunta					
8. Volve entregar os exercicios corrixidos, se é o caso					

Rúbrica para a cualificación dos vídeos

VALORACIÓN	4	3	2	1	0	TOTAL
<b>Contido Adaptase ao que se pide</b>	Completamente	Case todo	Algúns aspectos	Pouco ou case nada	Nada	
<b>Imaxe</b>	Vese perfectamente o que fai	Vese case todo o que fai	Parte do que fai non se ve	Vese moi pouco do que fai	Non se distingue nada	
<b>Son</b>	Escóitase perfectamente e a explicación	Aínda que se escoita ben, a explicación non é moi clara	Non se escoita ben e a explicación é regular	Non se escoita ben e non explica	Non se escoita nada	
<b>Execución da tarefa</b>	Está moi ben executada	Está ben executada	Aceptable	Moi floxa	Non se corresponde	
<b>Entrega da tarefa</b>	En tempo e forma	En tempo pero con erros	Fóra de prazo	Fóra de prazo e forma	Non entrega	

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES NÚMERO 1  
CURSO: 2º ESO  
MATERIA: FÍSICA-QUÍMICA  
DEPARTAMENTO: DPTO. FÍSICA-QUÍMICA  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Información e publicidade**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Rúbrica da cualificación das fichas**



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e <i>competencias clave</i>
B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaa oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas. <b>CCL, CMCCT</b>
B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. <b>CMCCT</b>
B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. <b>CMCCT, CCL</b>
B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade. <b>CMCCT</b>
B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaa á interpretación de fenómenos cotiáns FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias. <b>CMCCT</b>
B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases. <b>CMCCT</b>
B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas ou heteroxéneas FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro ou en % en masa e volumen. <b>CMCCT</b>

B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso. <b>CAA, CMCCT, CSIEE</b>
B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas <b>CCL, CMCCT</b>
B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química. <b>CMCCT</b>
B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas. <b>CMCCT, CSC</b>
B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global. <b>CMCCT, CSC, CSIEE</b>
B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado. <b>CAA, CD, CMCCT</b>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<i>Procedementos:</i> Fichas sobre o tema e/ou traballos. Páxinas dinámicas de internet.
	<i>Instrumentos:</i> Empregaremos a rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos.
<b>Cualificación final</b>	<p><i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</i></p> <p><b>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SUPERADOS:</b> Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 50% nota da 1º avaliación.</li> <li>- 50% nota da 2º avaliación.</li> <li>- 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</li> </ul> <p><b>ALUMNADO CUN TRIMESTRE SUSPENSO:</b> Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 50% nota da avaliación aprobada.</li> <li>- 50% nota da avaliación recuperada.</li> <li>- 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota</li> </ul> <p><b>ALUMNADO COS DOUS TRIMESTRES ANTERIORES SEN SUPERAR:</b> Os criterios de cualificación rexeranse polas seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 100% nota das avaliacións recuperadas.</li> <li>- 20% nota da 3º avaliación, podendo chegar a sumar ata 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Valorarase a necesidade de que o alumno/a poida realizar unha proba (exame) en setembro, en función dunha cualificación negativa obtida na materia, tanto na deste curso como na materia pendente de cursos anteriores.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Tarefas e traballos realizado polo alumno/a e valoración dos mesmos. Ou ter superado os dous trimestres do curso presente*.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 80 % Nota na cualificación obtida da materia recuperada</li> <li>- 20 % boletín de exercicios</li> </ul>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Empregaremos a rúbrica para valorar o desempeño das tarefas na corrección de fichas e traballos.</p> <p>Media dos dous primeiros trimestres*</p>

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

**4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre** (actividades que se intentarán desenvolver ao longo deste trimestre e a súa metodoloxía)

Tema da adaptación	Contidos	Actividades referidas a aprendizaxes fundamentais	Material entregado ao alumno	Tempo estimado para a realización	Indicador de logro	Forma de cualificación
1º e 2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Magnitudes</li> <li>•Materia</li> <li>•Modelos atómicos</li> <li>•Separación de mesturas</li> <li>•Disolucións</li> <li>•Reaccións químicas</li> </ul>	Actividades interactivas e videos.	Boletíns de exercicios	2 semanas cada boletín	Contestación ás preguntas sobre o tema do enlace web	Corrección das respostas

**5. Rúbrica cualificación das fichas**

Valoración	2 puntos	1 punto	0 puntos	Total
Contido da tarefa	Resolve e argumenta a resolución da tarefa	Só pon a solución ou fai unha argumentación pobre	Non entrega a tarefa ou entrega practicamente en branco	
Prazos establecidos	Entrega nos prazos establecidos	Demorase uns días, nunca máis dunha semana, con causa xustificada.	Non entrega ou entrega máis alá de dúas semanas sen causa xustificada.	
Presentación e orde	Presenta con limpeza e claridade, facilitando a corrección	Presentación descoidada e mellorable	Mala presentación	
<b>Cualificación da actividade</b>				

**ADAPTACIÓN  
DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

**CURSO 2019-20**

**2º ESO**

## ÍNDICE

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.....	PX 3
2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	PX 6
3.-METODOLOGÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.....	PX 7
4.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	PX 8

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

### 2º de ESO

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB1.1.1. <u>Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.</u>	● 50%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.1.2. <u>Retén información relevante e extrae informacións concretas.</u>	● 50%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.1.3. <u>Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.</u>	● 75%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.1. <u>Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.</u>	● 60%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.2. <u>Retén información relevante e extrae informacións concretas.</u>	● 50%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.3. <u>Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).</u>	● 50%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.4. <u>Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente.</u>	● 50%	● TODO O CURSO	PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.4.1. <u>Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</u>	. 50%	. TODO O CURSO	. PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.4.3. <u>Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</u>	. 50%	. TODO O CURSO	. PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.5.1. <u>Realiza presentacións orais.</u>	. 50%	. TODO O CURSO	. PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.5.4. <u>Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.</u>	. 50%	. TODO O CURSO	. PRODUCCIÓNS ORAIS



Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB1.6.1. <u>Cínguese ao tema</u> , non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	. 40%	. TODO O CURSO	. PRODUCCIÓNS ORAIS
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir			
LCLB2.1.3. <u>Relaciona a información explícita e implícita dun texto</u> , e ponla en relación co contexto.	. 20%	. TODO O CURSO	. TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.1.4. <u>Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias</u> , comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	. 50%	. TODO O CURSO	. PROBA ESCRITA . TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.2.1. <u>Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto</u> , e deduce informacións ou valoracións implícitas.	. 30%	. TODO O CURSO	. TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.3.1. <u>Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información</u> integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	. 40%	. TODO O CURSO	. TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e <u>é capaz de solicitar autonomamente libros</u> , vídeos, etc.	. 80%	. TODO O CURSO	. TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.4.2. <u>Escrebe textos</u> usando o rexistro adecuado, <u>organizando as ideas con claridade</u> , enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	. 80%	. TODO O CURSO	. PROBA ESCRITA . TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.5.1. <u>Escrebe textos propios do ámbito persoal e familiar</u> , escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	. 50%	. TODO O CURSO	. TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB2.5.2. <u>Escrebe textos narrativos, descritivos e instrutivos</u> , expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	. 80%	. TODO O CURSO	. PROBA ESCRITA . TAREFAS . EXERCICIOS
Bloque 3. Coñecemento da lingua			
LCLB3.1.1. <u>Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos</u> , e <u>utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos</u> .	. 80%	. TODO O CURSO	. PROBA ESCRITA . EXERCICIOS

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB3.1.2. <u>Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</u>	. 80%	. TODO O CURSO	. PROBA ESCRITA . TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB3.2.1. <u>Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos</u> no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.	. 50%	. 2ª AVALIACIÓN	. PROBA ESCRITA . EXERCICIOS
LCLB3.3.1. <u>Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra</u> , e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	. 50%	. 2ª AVALIACIÓN	. PROBA ESCRITA . EXERCICIOS
LCLB3.5.1. <u>Recoñece, usa e explica os conectores textuais</u> (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e <u>léxicos</u> (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	. 50%	. 2ª AVALIACIÓN	. PROBA ESCRITA . TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB3.8.1. <u>Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.</u>	. 50%	. TODO O CURSO	. TAREFAS . EXERCICIOS
LCLB3.9.1. <u>Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</u>	. 50%	. TODO O CURSO	. TAREFAS
. Bloque 4. Educación literaria			
LCLB4.1.1. <u>Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</u>	. 80%	. TODO O CURSO	. TAREFAS
LCLB4.3.2. <u>Le en voz alta modulando</u> , adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	. 40%	. TODO O CURSO	. TAREFAS
LCLB4.4.1. <u>Redacta textos persoais de intención literaria</u> a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	. 40%	. TODO O CURSO	. TAREFAS
LCLB4.4.2. <u>Desenvolve o gusto pola escritura</u> como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	. 40%	. TODO O CURSO	. TAREFAS

**NOTA: Os aspectos imprescindibles de cada estándar aparecen subliñados.**

## 2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>PARA TODO O ALUMNADO:</b> Tarefas de reforzo do aprendido que se colgarán semanalmente na AV para traballar por escrito e entregar nunha data determinada a través do correo electrónico ou da propia AV.</li> <li>• <b>PARA O ALUMNADO CONDÚAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS:</b> Tarefas de recuperación que se colgarán en determinados momentos na AV para traballar por escrito e entregar nunha data determinada a través do correo electrónico ou da propia AV.</li> </ul>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ALUMNADO COAS DÚAS AVALIACIÓNS APROBADAS:</b> NOTA MEDIA DA 1ª E 2ª AVALIACIÓN (70%)+ traballos de reforzo ou ampliación que só se cuantificarán en positivo (30%) .  *Posibilidade de subir máis do 30% se o traballo é óptimo e a criterio da profesora.  *O alumnado que neste trimestre non presente ningunha tarefa (habendo constancia de que non ten problemas tecnolóxicos que lle impidan facelo) aprobará a materia con nota de 5 sen posibilidade de subir nota.</li> <li>• <b>ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:</b>  NOTA MEDIA DA 1ª E 2ª AVALIACIÓN (70%) + Traballos de reforzo e recuperación e que se cuantificarán en positivo (30%). (Posibilidade de facer proba virtual ou presencial a criterio da profesora).  <b>Para aprobar</b>, o alumnado deberá ter unha <b>cualificación igual ou superior a 5.</b></li> </ul>
<b>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</b>	<p>Unha única proba escrita virtual ou presencial semellante ás que se fixeron na aula antes do confinamento. Os estándares mínimos esixibles serán os marcados na presente adaptación da programación.</p> <p><b>Para aprobar</b>, o alumnado deberá ter unha <b>cualificación igual ou superior a 5.</b></p>
<b>ALUMNADO COA</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:</b>

<b>MATERIA PENDENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado aprobado na proba de febreiro ten recuperada a materia.</li> <li>• O alumnado restante debe recuperar a materia a través dos procedementos de avaliación expostos no cadro inferior.</li> </ul> <p><b>Para aprobar</b>, o alumnado deberá ter unha <b>cualificación igual ou superior a 5</b>.</p>
	<p><b>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas no material didáctico repartido a principio de curso.</li> <li>• Tarefas puntuais na AV e que deberán ser entregadas para corrixir nunha data determinada.</li> <li>• Posibilidade de proba virtual (videoconferencia) ou presencial no mes de maio.</li> </ul>

### 3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

<b>ACTIVIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material explicativo de diversa índole (vídeo, documento Word, diapositivas, fotografías, etc.) para repasar os contidos dos dous trimestres precedentes e, se procede, ampliar contidos do terceiro trimestre.</li> <li>• Entrega semanal de tarefas e cuestionarios de reforzo dos temas vistos presencialmente para todo o alumnado e que deberán ser entregadas para ser corrixidas e cualificadas pola profesora.</li> <li>• Entrega puntual de tarefas de recuperación para aquel alumnado que teña unha ou as dúas avaliacións suspensas e que deberán ser entregadas para ser corrixidas e cualificadas pola profesora.</li> </ul>
<b>METODOLOXÍA ADAPTADA Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO</b>	Vid. a adaptación da programación para alumnado con ACI correspondente a este curso.
<b>MATERIAIS E</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Libro de texto</li> </ul>

<b>RECURSOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Recursos propios que se van engadindo na AV (vídeos titoriais , diapositivas, fotografías, documentos Word)</li><li>• Correo electrónico e foro da AV para avisos, comentarios e resolución de dúbidas.</li></ul>
-----------------	---

#### **4.-INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS**

O alumnado recibirá toda a información a través da aula virtual (foro da materia) e puntualmente tamén mediante correo electrónico e plataforma ABALAR MÓBIL , tanto das profesoras da materia como dos/as titores/as, e mesmo xefatura de estudos ou dirección, se for preciso.

**Esta programación será publicada na páxina web do centro.**

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. Nº1 A ESTRADA  
CURSO: 2º E.S.O.  
MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA  
DEPARTAMENTO: FRANCÉS  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.
5. ANEXO: Rúbrica 3, para a valoración de traballos do alumnado de redacción persoal escrita.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO: I.E.S. Nº1 A ESTRADA CURSO: 2º E.S.O. MATERIA: FRANCÉS, 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
--	---------------	--

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) <del>emitidas cara a cara</del> , gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala a modo e con moita claridade.	SLEB1.3. Comprende o sentido global e <b>a maior parte</b> da información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.
B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.	SLEB3.1. Comprende con fluidez <b>a maioría da información</b> de textos adaptados relativos a temas do seu interese.
B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.	SLEB3.2. Comprende <b>a información esencial</b> de avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.	SLEB3.3. Comprende <b>a maioría</b> da información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.
B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.	SLEB3.4. Comprende <b>a maior parte</b> da información esencial e localiza <b>algunha</b> información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.
B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.	SLEB4.1. Elabora, <b>eficazmente, aínda que cometa erros</b> , textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.
B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	SLEB4.2. Completa <b>adecuada e correctamente a maior parte</b> de cuestionarios sinxelos con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.
B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.4. Escribe, <b>de modo comprensible, aínda que cometa erros</b> , correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.
B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente <b>a maioría</b> das convencións <b>orais</b> e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo <b>orale</b> escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.
B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos	SLEB5.5. <b>Comprende e comunica</b> o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando



lingüísticos ou culturais.

adecuadamente **a maioría** das estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b><u>Procedementos:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-60% Análise da produción dos alumnos: Tarefas de redacción persoal escrita.</li> <li>-40% Probas obxectivas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- tests de comprensión oral e/ou escrita.</li> <li>- tests de verificación de coñecementos lingüísticos.</li> </ul> </li> </ul>
	<p><b><u>Instrumentos:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Rúbrica 3</u>: para a valoración de traballos de redacción persoal escrita.</li> <li>- Probas obxectivas de corrección automática na Aula Virtual.</li> <li>- Caderno do profesor: fichas de control e rexistros cuantitativos.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final ordinaria responderá ás seguintes porcentaxes:</p>
	<p><b>ALUMNADO CON 2 TRIMESTRES ANTERIORES APROBADOS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-50% nota da 1ª avaliación</li> <li>-50% nota da 2ª avaliación</li> <li>+ -20% nota da 3ª avaliación, podendo sumar ata un máximo de 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</li> </ul>
	<p><b>ALUMNADO CON 1 TRIMESTRE ANTERIOR SUSPENSO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-60% nota da avaliación aprobada</li> <li>-40% nota da avaliación recuperada</li> <li>+ -20% nota da 3ª avaliación, podendo sumar ata un máximo de 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</li> </ul>
	<p><b>ALUMNADO CON 2 TRIMESTRES ANTERIORES SUSPENSOS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-100% nota das avaliacións recuperadas</li> <li>+ -20% nota da 3ª avaliación, podendo sumar ata un máximo de 2 puntos sempre en positivo, nunca para baixar nota.</li> </ul>
	<p><b>ALUMNADO CON ALGÚN TRIMESTRE SUSPENSO QUE NON ENVÍA TAREFAS E/OU NON REALIZA AS PROBAS PROPOSTAS PARA AS RECUPERACIÓNS:</b></p> <p>contarase a nota que tiña na/s avaliación/s suspensa/s, á que se lle sumará, o correspondente á 3ª avaliación, ata un máximo de 2 puntos, sempre en positivo, nunca para baixar nota.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Esta proba será elaborada a partir da verificación dos <u>contidos sintáctico-discursivos traballados nos dous primeiros trimestres do curso 2019-2020</u>, e atendendo ás catro destrezas básicas: comprensión oral e escrita + expresión oral e escrita.</p>
	<p><b>PROBA PRESENCIAL:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-60% exame</li> <li>-20% breve redacción persoal (2 opcións temáticas das traballadas na clase)</li> <li>-20% breve exposición ou breve diálogo ca profesora (2 opcións temáticas das traballadas na clase)</li> </ul>
	<p><b>PROBA NON PRESENCIAL:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-50% exame tipo test na Aula Virtual</li> <li>-50% Tarefa na Aula Virtual de redacción persoal escrita</li> </ul> <p>As puntualizacións en canto a prazos e condicións de realización de ditas probas non presenciais serán comunicadas a partir da publicación oficial do calendario de</p>

	setembro e sempre que haxa constancia oficial de non ser posible a proba presencial.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b><u>Criterios de avaliación:</u></b> Os criterios de avaliación serán equivalentes aos do curso da materia pendente, valorando os traballos e as probas do alumnado relativos aos contidos do curso pendente. Tendo en conta o carácter progresivo da materia de francés, tamén poderá considerarse aprobada a materia pendente dun curso anterior no caso de ter aprobado o 1º e o 2º trimestre do curso actual.</p>
	<p><b><u>Criterios de cualificación:</u></b> A cualificación final ordinaria responderá á suma das seguintes porcentaxes: -60% Análise da produción dos alumnos. -40% Probas obxectivas.</p>
	<p><b><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></b> <u>Procedementos:</u> -60% -Análise da produción dos alumnos: Tarefas de redacción persoal escrita. -40% -Probas obxectivas: -test de comprensión oral e/ou escrita. -test de verificación de coñecementos lingüísticos. <u>Instrumentos:</u> - Rúbrica 3: para a valoración de traballos de redacción persoal escrita. - Probas obxectivas de corrección automática na Aula Virtual. - Caderno do profesor: fichas de control e rexistros cuantitativos.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p><u>Actividades de recuperación para alumnado con trimestres suspensos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-repetición de exercicios do libro pertencentes ó/s trimestre/s suspenso/s.</li> <li>-repetición de tarefas de redacción persoal escrita pertencentes ó/s trimestre/s suspenso/s.</li> <li>-probas obxectivas de verificación de contidos lingüísticos.</li> </ul>
	<p><u>Actividades de repaso, reforzo:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-exercicios interactivos en páxinas web francófonas.</li> <li>-exercicios de revisión de contidos anteriores.</li> <li>-probas obxectivas de verificación da comprensión de documentos escritos e/ou documentos audiovisuais.</li> </ul>
	<p><u>Actividades de ampliación:</u></p> <p>Non serán obrigatorias e non serán materia de avaliación do 3º trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-visionado de documentos audiovisuais en páxinas web francófonas.</li> <li>-exercicios de ampliación de vocabulario relacionado co xa visto nos 2 primeiros trimestres do curso.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>-Alumnado <u>con</u> conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Publicación semanal na Aula Virtual do I.E.S. Nº1 da Estrada das actividades a realizar nese prazo. Os prazos de entregas serán flexibles.</li> </ul>
	<p>-Alumnado <u>sen</u> conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-envío e recepción de tarefas a través do correo electrónico e posibilidade de recoller copia impresa na conserxería do centro, no caso de ser posible.</li> </ul> <p>Para o alumnado que acredite de xeito formal non ter conectividade a cualificación final responderá á seguinte porcentaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>60% -envío en prazo de tarefas de redacción persoal escrita.</li> <li>40% -envío en prazo de exercicios realizados e corregidos.</li> </ul> <p>Non se admitirán entregas a partir do 15 de xuño.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Aula Virtual do I.E.S. Nº1 da Estrada</li> <li>-Correo electrónico: <a href="mailto:francesn1estrada@gmail.com">francesn1estrada@gmail.com</a></li> <li>-Libro de texto e caderno de exercicios: <u>Trop bien 2</u> + documentos de corrección das actividades do libro.</li> <li>-Páxinas web francófonas con actividades interactivas .</li> <li>-Textos de lectura en francés auténticos ou creados pola profesora.</li> <li>-Documentos audiovisuais auténticos en páxinas webs francófonas.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p><b>-Aviso ao alumnado:</b></p> <p>-Aviso no <u>FORO: le cours de français</u> da Aula Virtual de francés, do I.E.S. Nº1 da Estrada, indicando a publicación na páxina web do centro.</p> <p>-Correo electrónico ao alumnado con problemas de conectividade.</p> <p>-Avisos periódicos ao titor en casos puntuais.</p> <p><b>-Aviso ás familias:</b></p> <p>-Aviso a través de mensaxe Abalar: aviso a grupos, indicanco a publicación na páxina web do centro.</p> <p>-En casos puntuais, aviso a través de contacto telefónico.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

**RÚBRICA 3: PARA A AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA**

(redaccións de pequenos textos ou composicións de texto e imaxe)								
CATEGORÍA	EXCELENTE	Ata 2	BO	Ata 1,5	ACEPTABLE	Ata 1	INSUFICIENTE	Ata 0,5
VOCABULARIO (riqueza do discurso)	Emprega vocabulario pertinente e abundante.	0,5	Emprega vocabulario pertinente e variado.	0,5	Emprega un mínimo do vocabulario requerido.	0,25	Non emprega o suficiente vocabulario.	0,2
GRAMÁTICA Corrección idiomática e coherencia e cohesión nos niveis superiores.	Emprega con corrección as diferentes estruturas gramaticais requeridas.	0,5	Tenta empregar diferentes estruturas gramaticais aínda que cometa pequenos erros.	0,5	Emprega case sempre o mesmo modelo e comete algúns erros.	0,25	Emprega sempre o mesmo modelo estrutural e/ou comete erros importantes.	0,2
PRESENTACIÓN / ESTÉTICA	A presentación dos contidos está coidada: identificación, título, marxes, ilustracións axeitadas, ben presentadas e ben distribuídas no espazo, ...	0,5	A presentación dos contidos cumpre cos requisitos esixidos e está coidada pero podería mellorarse: elección-realización das ilustracións, dos tipos de letra ou resaltado, mellor distribución no espazo, ...	0,25	A presentación dos contidos cumpre os mínimos requeridos pero está pouco coidada.	0,25	A presentación non se adapta ós mínimos requeridos: formato, marxes, identificación, ilustracións, ...	0
CONTIDO Mínimo requerido: Nº de palabras ou liñas, Temática e diferentes estruturas gramaticais.	O contido correspóndese co solicitado (temática e diferentes estruturas gramaticais) superando o límite de palabras requerido.	0,5	O contido correspóndese co solicitado (temática e diferentes estruturas gramaticais + mínimo de palabras requerido).	0,25	Os contidos presentados correspóndense co solicitado pero son un pouco escasos.	0,25	Os contidos presentados son demasiado escasos.	0,1

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº1  
CURSO: 2º E.S.O.  
MATERIA: INGLÉS  
DEPARTAMENTO: INGLÉS  
DATA: 12 - 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**
5. **Anexo: Assignment Rubric (rúbrica de avaliación)**



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles: Táboa Resumo

Estándares dos bloques de contidos e competencias imprescindibles	Procedemento e Instrumento de avaliación	% na nota das avaliacións	
<b>Comprensión de textos orais:</b> PLEB. 1.2, 1.3, 1.6, <b>Competencias imprescindibles:</b> CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa escrita (proba ou exame) ('listening'). Observación e rexistro cualitativo	10%	
<b>Produción de textos orais (expresión e interacción):</b> PLEB. 2.1, 2.3, 2.5, <b>Competencias imprescindibles:</b> CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa de observación (exposicións orais ou escritas) Tarefa de observación ('roleplays')	10%	
<b>Comprensión de textos escritos:</b> PLEB. 3.1, 3.3, 3.6, <b>Competencias imprescindibles:</b> CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa escrita ('reading comprehension'). Observación e rexistro cualitativo.	20%	70%
<b>Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural:</b> PLEB. 5.2, 5.6, 5.7, 5.8 <b>Competencias imprescindibles:</b> CCL, CAA, CCEC, CD, CSC	Tarefa de rexistro cuantitativo das notas. (Proba escrita: grammar work, vocabulary work)	50 %	
<b>Produción de textos escritos (expresión e interacción):</b> PLEB. 4.2, 4.5, 4.6 <b>Competencias imprescindibles:</b> CCL, CD, CAA, CCEC, CSC	Tarefa escrita (proba ou exame) ('Writing different types of texts') Portfolio de producións escritas	10%	

### COMPETENCIAS CLAVE

**CCL => COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CAA => COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

**CD => COMPETENCIA DIXITAL**

**CCEC => COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI**

**CSC => COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

## 1. Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	<b>Comprensión de textos orais:</b>
B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.	PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.
B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.
B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.	PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.

	<b>Producción de textos orais: expresión e interacción:</b>
B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.	PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións
B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.	PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.
B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.	PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.
	<b>Comprensión de textos escritos:</b>
B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).
B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas	PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema

coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.	curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.
B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.
	<b>Produción de textos escritos: expresión e interacción:</b>
B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.	PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares
B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.
B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.	PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
	<b>Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural:</b>
B5.2, Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.	PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.

<p>B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p>	<p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).</p>
<p>B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p>	<p>PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>
<p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

## 2. Avaliación e cualificación

### Procedimentos:

A avaliación na nosa materia é considerada, segundo a nosa programación, continua, porque o/a profesor/a vaise facendo unha idea do grao de desenvolvemento, traballo e aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

Por tanto e seguindo esta filosofía e a filosofía recollida nas instrucións do 27 de abril da Dirección Xeral de Educación, levaranse a cabo tarefas e probas das distintas destrezas para recuperar a materia das avaliacións que estean suspensas.

Ditas tarefas e probas serán, por suposto, coherentes coa materia impartida durante as dúas primeiras avaliacións e considerarase recuperada a materia anterior se acada o nivel de logro mínimo “suficiente”, en ditas tarefas de recuperación.

Así mesmo, o procedemento para o cálculo desta nota de recuperación será o que aparece no cadro da páxina 2 baixo o epígrafe “% na nota das avaliacións”.

### Avaliación

Esta nota, ao ser avaliación continua, non só recuperará a 2ª avaliación, senón que ao recuperar a 2ª queda automaticamente recuperada a 1ª avaliación.

Para aqueles alumnos que non teñan que recuperar ningunha avaliación esta nota servirá para redondear a nota á alza.

No caso de dar materia nova, a nota da súa avaliación só servirá para mellorar a cualificación final.

### Instrumentos:

- Tarefas e probas das distintas destrezas.  
Estas tarefas e probas están indicados na táboa resumo da páxina 2.
- Assignment Rubric => Rúbrica de Avaliación.  
Esta rúbrica atópase no Anexo, páxina 11.

### Cualificación final

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.

	<p>Esta avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final, unha vez recuperadas as avaliacións pendentes coas tarefas feitas no 3º trimestre cun "5", será a nota media entre as dúas primeiras avaliacións.</p> <p>No caso de non ter ningunha pendente, farase a media entre a 1ª e 2ª avaliación e o traballo da 3ª avaliación servirá para subir a nota media en 2 puntos.</p> <p>No caso de que un alumno teña algunha avaliación suspensa e non entregue as tarefas que se piden para a súa recuperación, considerarase "non recuperada" e a media farase coas notas que teña obtidas nesas avaliacións.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O referente será as aprendizaxes vistas durante os dous primeiros trimestres, polo tanto, só entrará a materia vista neste período.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>Os criterios de avaliación son os especificados na programación de inglés nos apartados de cada destreza do curso que se teña pendente.</p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que o alumnado acade o nivel de logro mínimo esixido na programación para a recuperación da materia pendente, un "5".</li> </ul>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega do material proposto para a superación de materia pendente.</li> <li>- Considerarase que superaron a materia pendente do curso inferior aqueles alumnos que aproben a 1ª maila 2ª avaliación do curso superior.</li> <li>- Se o docente o considerase necesario, unha proba telemática.</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Tarefas das distintas destrezas: Speaking, Listening, Reading, Writing e da Gramática e Vocabulario, enfocadas ao repaso, reforzo e recuperación das avaliacións pendentes.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><u>Con conectividade:</u> entrega de tarefas a través da AV e do correo electrónico.</p> <p><u>Sen conectividade:</u> entrega de tarefas escritas a través do centro.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Tarefas creadas ou adaptadas subidas á plataforma da AV ou enviadas a través do correo electrónico, creado e habilitado para esta situación especial.



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Nota colgada no apartado correspondente da AV, co documento adxunto.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

<b>5. Anexo: Assignment Rubric</b>
Na seguinte páxina pódese atopar a rúbrica de avaliación.

	Task	Text Organization (Format, Style, Register)	Grammar, Vocabulary and Language Functions	Spelling and Punctuation	<sup>(1)</sup> Mechanics Mistakes
<b>Excellent</b> <b>8- 10</b>	*Focuses on the topic throughout.  *Uses a clear consistent organization pattern.	*Includes (introduction, body and conclusion).  *Shows creativity cohesion and creativity.  *Uses many relevant supporting details.	*Uses accurate grammar structures.  *Usually precise and creative in word choice.  *Contains few grammar and mechanics <sup>(1)</sup> mistakes.	*Contains few spelling and punctuation mistakes.	1. Wrong Word. 2. Missing Comma after an Introductory Element. 3. Incomplete or Missing Documentation. 4. Vague Pronoun Reference. 5. Spelling. 6. Mechanical Error with a Quotation
<b>Good</b> <b>6 - 8</b>	*States topic clearly and generally stays on the subject.  *Tries to accomplish the task.	*Uses an organizational pattern with few lapses.  *Uses adequate supporting details but come may be irrelevant.	*Has adequately precise word choice.  *Contains a few grammar and mechanics <sup>(1)</sup> mistakes.	*Contains a few spelling and punctuation mistakes.	7. Unnecessary Comma. 8. Unnecessary or Missing Capitalization. 9. Missing Word. 10. Faulty Sentence Structure. 11. Missing Comma with a Non-restrictive Element.
<b>Satisfactory</b> <b>4 -6</b>	*States topic but may include unrelated ideas.	*Uses an organizational pattern with lapses.  *Details to explain reasoning are not fully developed.	*Has adequate word choice not always precise.  *Contains some grammar and mechanics <sup>(1)</sup> and mistakes.	*Has some spelling and punctuation mistakes.	12. Unnecessary Shift in Verb Tense. 13. Missing Comma in a Compound. Sentence. 14. Unnecessary or Missing
<b>Needs Improvement</b> <b>2 - 4</b>	*Has no clear topic or topic only vaguely relates to the task.	*Has little organization.	*Has limited or immature word choice.  *Has many grammar and mechanics <sup>(1)</sup> mistakes.	*Has many spelling and punctuation mistakes.	Apostrophe (including its/it's). 15. Fused (run-on) Sentence 16. Comma Splice. 17. Lack of pronoun/antecedent agreement.
<b>Poor</b> <b>0 - 2</b>	*Doesn't accomplish the task.	*Has no organization.	*Has major grammar and mechanics <sup>(1)</sup> mistakes.	*Has major spelling and punctuation mistakes.	18. Poorly Integrated Quotation. 19. Missing or Unnecessary Hyphen.
<b>Unacceptable - 0</b>	*Has nothing to do with the task	*Scattered ideas written randomly.	*Has unacceptable grammar and mechanics <sup>(1)</sup> mistakes.	* Has inadmissible spelling and punctuation mistakes.	20. Sentence Fragment ...etc.

Taken and adapted for educational purposes from: <https://sites.google.com/site/inglesbasicomoov/rubricas-de-evaluacion/rubrica-1>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

**CENTRO: IES Nº 1 A ESTRADA**

**DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**CURSO: 2º ESO**

**MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

# ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

# **1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES**

Tendo en conta a situación de excepcionalidade en que nos atopamos, e ao abeiro das instrucións dadas o 27 de abril pola Dirección Xeral de Educación, o Departamento de lingua galega e literatura do IES N° 1 da Estrada resolve adaptar os estándares de aprendizaxe e os procedementos e instrumentos de avaliación que se recollían na programación de setembro, e que fora aprobada no seu día por Inspección educativa. A imposibilidade de desenvolver aulas de forma presencial, derivada do Estado de Alerta pola emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19, levounos a reformular eses aspectos da programación, que quedarían do seguinte xeito:

## **2º de ESO**

<b><u>Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso</u></b>			
<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Grao mínimo de consecución</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Procedementos e instrumentos de avaliación</i>
<b>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</b>			
LGB1.1.1. <u>Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).</u>	5%	Segundo trimestre Terceiro trimestre	Posta en Común, (PC); Exposición dun Tema (ET) Caderno de Clase (CC); Proba Escrita (PE)
LGB1.4.1. <u>Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.</u>	10%	Segundo trimestre Terceiro trimestre	CC, PE
LGB1.5.1. <u>Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, reconece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.</u>	5%	Todo o curso	CC, DC, PE
LGB1.5.2. <u>Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.</u>	5%	Todo o curso	OS, DC
LGB1.6.1. <u>Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</u>	10%	Todo o curso	OS, ET

LGB1.6.2. <u>Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</u>	10%	Todo o curso	OS, Asemblea (A)
LGB1.6.4. <u>Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</u>	5%	Todo o curso	OS, ET
LGB1.8.3. <u>Exprésase e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.</u>	5%	Segundo trimestre Terceiro trimestre	OS, A
LGB1.9.3. <u>Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.</u>	5%	Todo o curso	OS, PE
LGB1.9.5. <u>Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</u>	5%	Todo o curso	OS, TE, PE
<b>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</b>			
LGB2.1.1. <u>Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.</u>	3%	Todo o curso	ET, PE
LGB2.1.2. <u>Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.</u>	3%	Todo o curso	TE, PE
LGB2.1.3. <u>Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.</u>	3%	Segundo trimestre Terceiro trimestre	TE, PE
LGB2.2.1. <u>Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.</u>	3%	Primeiro e segundo trimestre	CC, TE, PE
LGB2.7.1. <u>Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.</u>	3%	Todo o curso	OS
LGB2.8.1. <u>Elabora esquemas sinxelos</u>	3%	Segundo	CC, PE

<u>para ordenar as ideas e estruturar o texto.</u>		trimestre Terceiro trimestre	
LGB2.8.4. <u>Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)</u>	3%	Todo o curso	TE,PE
LGB2.8.5. <u>Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.</u>	4%	Todo o curso	OS, DC
LGB2.12.1. <u>Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente narrativos e descritivos.</u>	5%	Primeiro e segundo trimestre	TE,PE
LGB2.12.2. <u>Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.</u>	5%	Segundo trimestre Terceiro trimestre	CC,TE,PE
<b>Bloque 3. Funcionamento da lingua</b>			
LGB3.1.1. <u>Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.</u>	3%	Todo o curso	TE,PE
LGB3.2.1. <u>Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.</u>	3%	Primeiro trimestre	OS, PE
LGB3.4.1. <u>Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.</u>	3%	Todo o curso	TE, PE
LGB3.5.1. <u>Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</u>	7%	Todo o curso	TE, PE
LGB3.6.1. <u>Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.</u>	3%	Segundo trimestre Terceiro trimestre	TE, PE
LGB3.7.1. <u>Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.</u>	4%	Primeiro e segundo trimestre	CC, PE

LG3.8.2. <u>Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.</u>	3%	Todo o curso	TE, PE
LG3.9.1. <u>Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.</u>	3%	Todo o curso	TE, PE
<b>Bloque 4. Lingua e sociedade</b>			
LGB4.1.1. <u>Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.</u>	10%	Primeiro trimestre	A, DC, PE
LGB4.1.2. <u>Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.</u>	10%	Primeiro trimestre	ET, PE
LGB4.1.3. <u>Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.</u>	10%	Primeiro trimestre	ET, PE
LGB4.3.1. <u>Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.</u>	10%	Segundo trimestre	ET, PE
LGB4.5.1. <u>Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.</u>	6%	Segundo trimestre	ET, PE
LGB4.6.4. <u>Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.</u>	10%	Todo o curso	ET, PE
<b>Bloque 5. Educación literaria</b>			
LGLB5.1.1. <u>Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.</u>	20%	Todo o curso	ET, TE, PE
LGLB5.1.2. <u>Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e</u>	20%	Todo o curso	TE, PE



<u>o uso estético da linguaxe nos textos literarios.</u>			
LGLB5.3.1. <u>Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.</u>	15%	Todo o curso	ET, TE, PE
LGLB5.5.1. <u>Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</u>	15%	Todo o curso	ET, PE
LGB.5.6.1. <u>Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</u>	10%	Todo o curso	CC, PE
LGLB5.7.1. <u>Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</u>	10%	Segundo e terceiro trimestre	TE, PE

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

### ***Modificación da avaliación e dos criterios de cualificación.***

Ata o día 13 de marzo, a cualificación do alumnado desenvolveuse segundo os criterios que constan na Programación aprobada a comezos de curso. Loxicamente, logo do decreto de Estado de Alarma, o Departamento de Lingua galega e literatura reuniuse a través de videoconferencia e acordou a súa modificación, establecendo os seguintes novos criterios de avaliación e cualificación:

#### **1. ALUMNADO COA MATERIA APROBADA ATA O DÍA 13 DE MARZO**

A **avaliación final** será, nesta particular situación, a **suma das dúas avaliacións desenvolvidas de xeito presencial**, unha nota que reflectirá o punto ao que se chegara no proceso de aprendizaxe ata ese momento, tendo en conta o nivel de contidos acadado e o esforzo e a progresión presentados polo alumno/a ata o mes de marzo.

**As tarefas enviadas á AV servirán unicamente para sumar**, polo que a nota dun alumno/a nunca se verá prexudicada pola situación de Alarma en que nos atopamos.

A realización das tarefas poderá **incrementar a nota dun alumno/a ata un máximo de 1,5 p.**, en función da calidade do traballo. Os contidos que desenvolven estas tarefas serán de repaso e/ou de ampliación, segundo o criterio de cada profesora.

## **2. ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA AO DÍA 13 DE MARZO**

O Departamento de Lingua galega e literatura é consciente da situación tan anómala que está a vivir a comunidade educativa, polo que en ningún caso se tomarán decisións que prexudiquen a avaliación dun alumno/a, ou que vaian en detrimento da igualdade de oportunidades. Tendo esta premisa como criterio de actuación, establece que a avaliación dun alumno/a suspenso/a ata o día 13 de marzo estará baseada nos seguintes criterios:

- **A realización** –ou non– **das tarefas de recuperación** propostas por cada profesora no nivel correspondente. Estas tarefas poderán ser específicas ou comúns ao resto do alumnado, e poderán implicar o aprobado da materia. Dado que están baseadas nos estándares mínimos, a cualificación máxima final non poderá ser superior a 5.
- A realización de tarefas de ampliación poderá incrementar a nota ata un máximo de 1,5 p, tal e como se decidiu para o alumnado que tiña os dous primeiros trimestres aprobados.
- O Departamento poderá decidir, no seu caso, a conveniencia de realizar unha proba (virtual ou presencial), utilizando as ferramentas que proporcione a Consellería de Educación e por medio das cales se garanta a maior equidade posible entre o alumnado.

## ***Modificación da avaliación de pendentes***

A situación de Alarma en que estamos tamén inflúe na avaliación de pendentes, ao resultar imposible a realización da proba ordinaria do mes de maio. Ante esta situación, o Departamento resolve:

- O alumnado coa materia pendente que aprobese os dous primeiros trimestres do curso superior quedalle automaticamente aprobada a pendente.
- O alumnado que, no mes de febreiro, aprobese o exame realizado de forma presencial queda automaticamente aprobado.
- O alumnado que non estea en ningún dos dous casos anteriores realizará unha **proba no mes de maio, baseada nos contidos mínimos establecidos para cada nivel**. Será unha proba virtual ou presencial, á espera do que nos permita a situación do Estado de Alarma.

### ***Modificación da avaliación de setembro.***

En principio, a avaliación de setembro, ao ser unha convocatoria extraordinaria, non se rexerá polos criterios anteriores, senón que se terá en conta unicamente a nota acadada polo alumno/a nesa proba concreta, cuxo valor será por tanto o 100%.

**A proba realizarase a partir dos estándares mínimos establecidos nesta modificación da programación** inicial, isto é, só se terán en conta os contidos vistos na aula ata o día 13 de marzo.

O **tipo de proba** que se desenvolverá, **presencial ou virtual**, **dependerá da evolución do Estado de Alerta**, e da resolucións que adopte a Consellaría de Educación neste punto.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN).**

O Departamento de lingua de literatura utilizou desde o primeiro momento a Aula Virtual como medio para continuar o seu labor de ensino-aprendizaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da materia de Lingua e literatura galega se realiza de xeito progresivo, deséñanse nomeadamente tarefas de reforzo e repaso dos contidos vistos, que poderán considerarse como actividades de recuperación para o alumnado suspenso nalgún dos trimestres.

Así mesmo, poderán propoñerse actividades específicas de recuperación no caso de que a profesora o estime oportuno, para o alumnado que suspendese a materia nalgunhas das avaliacións dos primeiros trimestres.

Por outra banda, poderán deseñarse actividades de ampliación ou profundización de contidos, baseadas sempre nos estándares mínimos de aprendizaxe modificados na presente programación.

Para a elaboración das tarefas tense en conta a nova situación en que estamos, de aí que se siga a seguinte metodoloxía:

- Elaboración de plans semanais de traballo, secuenciados por días, pero con liberdade para a organización do propio alumnado.

- Neses plans semanais de traballo inclúense vídeos explicativos, presentacións en power point, enlaces á rede, etc, que faciliten a comprensión do alumnado.
- Elaboración de boletíns de exercicio semanais, seguindo as explicacións do plan de traballo.
- Amplas marxes para o tempo de elaboración das tarefas, e flexibilidade no prazo de entrega.

#### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

O Departamento de Lingua galega e literatura desde o primeiro momento informou o alumnado e as familias de todo o relacionado coa nova situación en que nos atopamos derivada do decreto de Estado de Alarma. Para iso, utilízanse todas as canles que están á nosa disposición:

- A páxina web do IES, onde a dirección comunica as decisións máis relevantes.
- A Aula Virtual, creando foros para comunicarnos co alumnado.
- Os correos electrónicos, para podermonos comunicar e/ou entregar tarefas.
- O Abalar Móbil, para comunicarnos coas familias .
- As titorías, que serven de canle de comunicación entre familias, alumnado e profesorado.
- O teléfono particular, que en último recurso serve para dar avisos puntuais.

**MODIFICACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DE LINGUA GALEGA E  
LITERATURA  
IES Nº 1 A ESTRADA  
CURSO ESCOLAR 2019-2020**

**A Estrada, a 11 de maio de 2020**

*Asdo: Beatriz Quintela Rúa ( Xefa de Departamento)*

*Asdo: M<sup>a</sup> Consuelo Blanco Pena*

*Asdo: Alexandra Pacheco González*

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES N.º 1. A ESTRADA

MATERIA: Matemáticas

CURSO: 2º ESO

DEPARTAMENTO: Matemáticas

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

O Departamento de Matemáticas reuniuse e acordou a seguinte Adaptación da Programación Didáctica.

<b>MATEMÁTICAS 2º ESO</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
<b>BLOQUE 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas</b>	
B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
	MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.
B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando a linguaxe alxébrica.
B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (só numéricos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.
	MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
	MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).



<b>MATEMÁTICAS 2º ESO</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
	MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
	MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
	MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.
	MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e sinxeleza das ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.
<b>BLOQUE 2. Números e álgebra</b>	
B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
	MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.
	MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.

<b>MATEMÁTICAS 2º ESO</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.
B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.
B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais.	MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás.
	MAB2.5.2. Analiza situacións sinxelas e reconece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.
B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.	MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.
	B2.6.M3. AUtiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas.
B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastando os resultados obtidos.	MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación, se un número ou uns números é ou son solución desta.
	MAB2.7.2. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro, resólveas e interpreta o resultado obtido.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Seguimento sistemático do traballo do alumnado.</li><li>2. Análise da produción do alumnado.</li><li>3. Interacción do alumnado.</li></ol> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Rexistro da entrada nas tarefas, da entrega en prazo e forma, da comunicación co alumnado, e da súa actividade nas plataformas dixitais.</li><li>2. Valoración das tarefas realizadas polo alumnado entre outras: cuestionarios, probas, resolución de problemas...</li><li>3. Rexistro da interacción do alumnado a través de medios como: AbalarMóbil, correo electrónico, plataformas telemáticas (en particular foros e servizos de mensaxería como instrumento de comunicación) e outros, como evidencia do seu interese e traballo.</li></ol>
<b>Cualificación final</b>	<ol style="list-style-type: none"><li><b>1. Alumnado coa materia aprobada ata o día 13 de marzo.</b> Neste caso calcularase a nota media da 1ª e 2ª avaliación, podendo subir ata 1 punto a súa cualificación se hai evidencia de que o traballo realizado na terceira avaliación foi constante, entregado puntualmente, ben realizado e con certas garantías de ser feito pola persoa á que hai que avaliar.</li><li><b>2. Alumnado que deba recuperar.</b><ul style="list-style-type: none"><li>– Se o desconfinamento o permitira, e fora posible, realizaríase unha proba escrita presencial no instituto a este alumnado.</li><li>– O Departamento poderá decidir a conveniencia de realizar unha proba por videoconferencia.</li><li>– De non ser así, a cualificación deste alumnado estará baseada en:<ul style="list-style-type: none"><li>– Que realicen, ou non, as tarefas encomendadas.</li><li>– Valoración das mesmas, atendendo á constancia do traballo, interese, puntualidade da entrega, calidade e certas garantías de ser realizado pola persoa á que hai que avaliar.</li><li>– Como norma xeral, a cualificación dos aprobados será de 5. Pode haber excepcións.</li></ul></li></ul></li></ol>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Se as circunstancias o permiten, realizarase segundo o previsto na Programación Didáctica aprobada ao comezo deste curso, coa diferenza de que se centrará nos estándares de aprendizaxe indicados no apartado 1.</p> <p>De non ser posible a súa realización, adoptaranse as medidas que estableza a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>Serán os mesmos que os indicados no punto 1. desta Programación, baseados nos contidos mínimos establecidos para cada nivel.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>– Se o desconfinamento o permitira, e fora posible, realizaríase a proba escrita extraordinaria do mes de maio, de forma presencial no instituto a este alumnado.</li><li>– O Departamento poderá decidir a conveniencia de realizar unha proba por videoconferencia.</li><li>– De non ser así, a cualificación deste alumnado estará baseada en:<ul style="list-style-type: none"><li>– A realización, ou non, das tarefas encomendadas.</li><li>– Valoración das mesmas, atendendo á constancia do traballo, interese, puntualidade da entrega, calidade e certas garantías de ser realizado pola persoa á que hai que avaliar.</li><li>– Como norma xeral, a cualificación dos aprobados será de 5. Pode haber</li></ul></li></ul>

	excepcións.
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Os mesmos que os expresados con carácter xeral ao comezo deste curso apartado.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	<p>En tódolos casos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Materiais de elaboración propia, secuenciados por días.</li> <li>– Cuestionarios.</li> <li>– Probas.</li> <li>– Resolucións de problemas.</li> </ul>
<b>Metodoloxía</b>	<p>Nesta nova situación o medio que utilizamos para continuar coas nosas clases foi a Aula Virtual.</p> <p>A primeira parte do trimestre dedicámola a rematar os temas que estabamos a traballar na clase e, a presenza da pandemia interrompeu. Por suposto, dun xeito e a un ritmo moi diferente do habitual, e ampliamos algún concepto esencial para o vindeiro curso. Consideramos fundamentais ambas actividades.</p> <p>A segunda parte do trimestre estámola dedicando ao repaso de contidos, poñendo especial atención nos da 1ª e 2ª avaliación, para afianzar os seus coñecementos e poder valorar o grao de consecución dos mesmos.</p> <p>Utilízanse metodoloxías activas que fomentan a transferencia do aprendido, o desenvolvemento da autonomía persoal e a competencia de aprender a aprender.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>O alumnado atopará os materiais e recursos na Aula virtual, ademais das propias tarefas a realizar os materiais de elaboración propia.</p> <p>As dúbidas podense resolver no foro de dúbidas da materia.</p>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– O alumnado recibe a información a través da Aula Virtual: mensaxería e nos foros. Tamén, mediante o correo electrónico.</li> <li>– A comunicación coas familias é a través de AbalarMóbil e dos titores.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do IES, a dirección comunica as novidades máis importantes.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº1 – A ESTRADA  
CURSO: 2º ESO  
MATERIA: MÚSICA  
DEPARTAMENTO: MÚSICA  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Contido	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Son e silencio, música e ruído.	<p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras e silencios; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>	<p><b>MUB1.1.1.</b> Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p><b>MUB1.1.2.</b> Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p><b>MUB1.1.3.</b> Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p> <p><b>MUB1.2.1.</b> Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol; duración das figuras e silencios; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>
Parámetros do son. Repercusión musical.		
A altura. Pentagrama. Clave.		
A duración. Figuras e silencios.		
A intensidade. Matices.		
O timbre. Clasificación de instrumentos.		
Pentagrama, claves e notas.		
As figuras e os silencios.		
Signos de prolongación: ligadura, punto e caldeirón.		
As indicacións de tempo		
Pulso, ritmo, acento e compás.		
As liñas adicionais.		
As alteracións. Alteracións propias e accidentais.		
Os signos de repetición.		
Os intervalos.		

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Contido	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificación das cualidades do son en audicións.	<p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</p> <p>B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</p> <p>B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p><b>MUB1.1.1.</b> Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p><b>MUB2.2.1.</b> Sigue partituras como apoio á audición.</p> <p><b>MUB2.3.1.</b> Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</p> <p><b>MUB2.4.1.</b> Describe os elementos das obras musicais propostas.</p> <p><b>MUB2.4.2.</b> Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</p> <p><b>MUB2.4.3.</b> Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</p>
Discriminación de ritmos binarios e ternarios.	<p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</p> <p>B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p><b>MUB1.1.1.</b> Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p><b>MUB1.1.2.</b> Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p><b>MUB1.1.3.</b> Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p> <p><b>MUB2.3.1.</b> Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</p> <p><b>MUB2.4.1.</b> Describe os elementos das obras musicais propostas.</p>
Interpretación de exercicios rítmicos sinxelos con percusión corporal e/ou pequena percusión.	<p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p>B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as</p>	<p><b>MUB1.1.2.</b> Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p><b>MUB1.2.1.</b> Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p><b>MUB1.3.1.</b> Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p><b>MUB1.4.1.</b> Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <p><b>MUB1.4.4.</b> Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas</p>



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Contido	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realización de coordinacións con percusión corporal.	<p>habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	<p>necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <p><b>MUB1.6.1.</b> Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> <p><b>MUB1.6.4.</b> Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</p> <p><b>MUB1.6.5.</b> Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</p>
Interpretación coa frauta doce de pezas de diferentes xéneros, estilos e culturas.	<p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p>B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	<p><b>MUB1.1.1.</b> Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p><b>MUB1.1.2.</b> Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p><b>MUB1.2.1.</b> Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p><b>MUB1.3.1.</b> Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p><b>MUB1.4.1.</b> Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <p><b>MUB1.4.4.</b> Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <p><b>MUB1.4.5.</b> Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</p> <p><b>MUB1.6.1.</b> Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> <p><b>MUB1.6.3.</b> Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</p> <p><b>MUB1.6.4.</b> Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e</p>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Contido	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
		adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. <b>MUB1.6.5.</b> Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
O timbre. Clasificación de instrumentos.	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	<b>MUB2.1.1.</b> Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. <b>MUB2.1.2.</b> Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. <b>MUB2.3.1.</b> Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. <b>MUB3.5.1.</b> Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. <b>MUB3.5.2.</b> Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. <b>MUB4.2.1.</b> Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.
Instrumentos escolares.		
Os instrumentos de percusión.		
Os instrumentos de vento-madeira		
Os instrumentos de corda fretada.		
Os instrumentos de vento-metal.		
Os instrumentos populares.		
Agrupacións instrumentais: orquestra sinfónica, de cámara, de jazz, de rock, banda e rondalla.		
Os instrumentos da orquestra sinfónica.		

<b>2. Avaliación e cualificación</b>		
	Procedementos	Instrumentos
<b>Avaliación</b>	Observación da actividade do/a alumno/a na aula virtual.	Rexistro da actividade na aula virtual e nas canles de contacto co profesorado (consulta de documentos, realización de traballos, intervencións no foro...)
	Probas a través da aula virtual.	Preguntas de opción múltiple, de verdadeiro – falso, de resposta curta, de emparellamento ou correspondencia e de texto incompleto.
	Actividades e exercicios escritos.	Listaxe de cotexo.
	Traballos de investigación colaborativos a través do foro.	Rúbrica adaptada a cada actividade (valóranse aspectos como o tratamento do tema, o coñecemento do tema, a unidade temática, a ortografía e a gramática, a estruturación do contido e o nivel de seguementno das pautas marcadas para a súa elaboración).
	Traballos de investigación colaborativos coa ferramenta Padlet.	
	Actividades sobre fragmentos audiovisuais (vídeo, audio) propostos relacionados cos contidos traballados.	
	Produccións audiovisuais empregando ferramentas dixitais, como Audacity, Musescore...	
	Interpretación instrumental ou vocal.	Gravación en vídeo da interpretación. Rúbrica de interpretacións (valóranse a afinación e a exactitude melódica, o tempo e a exactitude rítmica, a expresión e o fraseo).
<b>Cualificación final</b>	<p><b>ALUMNADO QUE SUPEROU A MATERIA NAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS:</b>  A nota final será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes ás notas de cada avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 60 %: nota media obtida na 1ª avaliación.</li> <li>• 40 %: nota media obtida na 2ª avaliación.</li> <li>• 20 %: nota media obtida na 3ª avaliación.</li> </ul>	
	<p><b>ALUMNADO QUE NON SUPEROU A MATERIA NAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS:</b>  Para facilitar a recuperación do alumnado que non superou a materia nos dous primeiros trimestres, dividiremos os contidos en tres grupos, de maneira que se o alumno ou a alumna xa ten superado algún deles non terá que realizar tarefas de recuperación nin probas sobre eses contidos e poderá centrarse en superar aqueles que non ten aprobados. Os grupos de contido e o seu valor porcentual para obter a cualificación final son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Teoría musical: 40 %</li> <li>• Parámetros do son, clasificación e recoñecemento de instrumentos e agrupacións instrumentais: 30 %</li> <li>• Expresión instrumental: 30 %</li> </ul>	

<p align="center"><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>En relación á convocatoria extraordinaria, o alumnado deberá superar as probas propostas tendo en conta os criterios de puntuación establecidos para ditas probas. A convocatoria extraordinaria contará con tres probas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Teoría musical (proba escrita): 35 %</li> <li>• Parámetros do son, clasificación e recoñecemento de instrumentos e agrupacións instrumentais (proba escrita): 45 %</li> <li>• Audición de expresión instrumental coa fruta doce: 25 %</li> </ul> <p>O contido e as características destas probas serán explicados ao alumnado antes de rematar o curso ordinario en xuño, e entregados ás familias mediante unha notificación por escrito xunto co boletín de notas (se a situación o permite) ou por medio do abalarMóbil. Se non fora posible facer as probas de modo presencial, realizaríanse a través da aula virtual.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><b>Non hai alumnado coa materia pendente.</b></p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>O alumnado realizará as seguintes actividades que se irán propoñendo a través da aula virtual do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de vídeos ou audios relacionados cos contidos. Estes vídeos e audios van acompañados de actividades que os alumnos e alumnas deben realizar.</li> <li>• Fichas con exercicios e actividades de repaso e reforzo.</li> <li>• Traballos de investigación colaborativos:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ A través do foro.</li> <li>○ Mediante a ferramenta Padlet.</li> </ul> </li> <li>• Probas obxectivas, subxectivas e mixtas na AV.</li> <li>• Realización dun arranxo sinxelo dunha peza proposta co editor de partituras Musescape e exportalo como arquivo de audio.</li> <li>• Rexistro en vídeo das súas interpretacións musicais.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>O alumnado deste curso, neste momento, non ten problemas de conectividade, polo que todo o traballo está centralizado na aula virtual do centro. Ao principio desta situación, o alumnado sen conexión recibía impresas e entregaba no centro as tarefas resoltas grazas á colaboración da Cruz Vermella local.</p> <p>O alumnado entrega as tarefas propostas a través da AV ou, se teñen problemas coas entregas (arquivos moi pesados), a través da dirección de correo electrónico do departamento.</p> <p>As tarefas preséntanse na AV acompañadas de aqueles documentos, audios ou vídeos sobre os que realizar os exercicios. Para cada tarefa adxúntase tamén un documento coas instrucións precisas e os criterios de corrección ou rúbrica, según corresponda.</p> <p>Por acordo do claustro, e para facilitar ao alumnado o acceso aos materiais e a organización do traballo, os materiais súbense á AV con periodicidade semanal e sempre os luns.</p> <p>Haberá actividades de reforzo para todo o alumnado. Presentaranse ademais de xeito claramente diferenciado actividades de repaso e recuperación para o alumnado que o precise e outras actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que xa superou a materia nos dous primeiros trimestres.</p> <p>O alumnado e as familias poden contactar co profesor a través de varias canles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mensaxes a través da AV.</li> <li>• Consultas no foro de dúbidas da AV.</li> <li>• A través do correo electrónico do departamento.</li> </ul> <p>Nestas canles poden solicitar unha entrevista telefónica, se así o desexan.</p> <p>O profesor contacta co alumnado a través da AV e dos seus correos electrónicos. Ademais, infórmase do seguimento da actividade académica ás familias mediante a ferramenta abalarMóbil. Esta información tamén se comunica aos titores e titoras correspondentes.</p>

